

A Asamblea xeral da ONU proclamou o ano 2011 como o *Ano Internacional da Química*, coincidindo co centenario da concesión do Premio Nobel a Marie Curie polas súas aportacións á Química, e co da fundación da Asociación Internacional de Sociedades Químicas. A celebración pretende concienciar á sociedade sobre as contribucións fundamentais da Química ao progreso e benestar da humanidade.

A Universidade de Santiago de Compostela participa desta conmemoración, e entre as distintas actividades organizadas ao longo do ano, o *Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS)* anuncia a apertura das súas portas para a celebración das xornadas **¡Acércate á Química!**, dirixidas á escolares de todas as idades e ao público xeral.


As xornadas pretenden achegar aos máis novos unha visión actual e atractiva da investigación en Química e a importancia desta ciencia no desenvolvemento científico e tecnolóxico global. Por outra banda, preténdese transmitir á sociedade unha visión da actividade que se desenvolve no CIQUS e as súas contribucións no contexto do desenvolvemento do Campus de Excelencia Internacional – CAMPUS VIDA.



Información e contacto:

Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS)
c/ Jenaro de la Fuente s/n (esquina Av. Mestre Mateo)
Campus Vida - 15782 Santiago de Compostela
Telf: 881815702 / 881815700
e-mail: ciqus@usc.es

CÓMO CHEGAR



¡ACÉRCATE Á QUÍMICA!

Xornadas de portas abertas
23,24,25 Novembro 2011
Tardes, 17:00-20:30

Centro Singular de Investigación
en Química Biolóxica e Materiais
Moleculares (CIQUS)



Año Internacional da
QUÍMICA
2011




CIQUS
Centro Singular de Investigación
en Química Biolóxica e
Materiais Moleculares

O CIQUS e o seu entorno

O CIQUS iniciou á súa actividade en febreiro de 2010, coma un dos integrantes da Rede de *Centros Singulares de Investigación do Campus de Excelencia Internacional CAMPUS VIDA*. O seu obxectivo é contribuir á resolución, desde unha perspectiva interdisciplinar, de problemas científica e tecnoloxicamente relevantes nos ámbitos da química biolóxica e do desenvolvemento de novos materiais funcionais.





Moitas das liñas de investigación do centro están dirixidas ao estudo químico dos procesos biolóxicos, ao desenvolvemento de novos métodos de síntese de fármacos, ao deseño de novos materiais funcionais ou ao descubrimento de nanosistemas con aplicacións biomédicas.




Colaboran:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Entre os talleres e actividades inclúense:



- **A maxia da Química.** Demostracións de sinxelos experimentos químicos e os seus espectaculares resultados.... Realizadas por persoal experto que explicará o fundamento científico de cada un deles.
- **O laboratorio de Química.** Visita a un moderno laboratorio de química: instalacións, equipos e técnicas habituais na investigación química actual.
- **Instrumentación científica.** Visita guiada ás instalacións que albergan algúns dos sofisticados equipos requeridos para o análise, estudo estrutural e/o manipulación en condicións especiais dos compostos e materiais.
- **Química: a nosa vida, o noso futuro.** Proxección continuada de videos divulgativos realizados polas diversas institucións internacionais implicadas na celebración do Ano Internacional da Química 2011.
- **A investigación no CIQUS.** Exposición de carteis coas principais liñas de traballo que se desenvolven no centro

